



DÍA NACIONAL DO DANO CEREBRAL, 26 DE OUTUBRO DE 2021
AS PERSOAS CON DANO CEREBRAL NECESITAMOS
REHABILITACIÓN ESPECIALIZADA. MAÑÁ PODES SER TI

Un **ictus** pode facer que dun segundo a outro esquezas o nome da túa filla; un **traumatismo craneoencefálico** pode ocasionar que non sexas capaz de atar os zapatos; e un **tumor** no cerebro pode provocar que non saibas como relacionarte cos teus seres queridos. Son tres exemplos de como **un Dano Cerebral pode cambiarche a vida de maneira súbita e inesperada**, pasando de ser unha persoa autónoma a alguén con necesidades de apoio nos actos máis esenciais da vida. Esta perda de capacidades supón un gran pau non só para o medio millón de persoas con Dano Cerebral que vivimos en España, senón tamén para os nosos familiares e amigos.

Hoxe 26 de outubro, **Día Nacional do Dano Cerebral**, queremos expoñer a necesidade de que todas as persoas con Dano Cerebral poidamos acceder, desde o minuto cero, a unha rehabilitación específica e especializada; independentemente de onde vivamos, da idade que teñamos, das secuelas que nos quedaran, ou do diñeiro da nosa conta bancaria.

A neurorrehabilitación é fundamental porque nos pode permitir recuperar a nosa antiga normalidade nas mellores condicións posibles. Que despois de ter un Dano Cerebral poidas coller o autobús, subir unhas escaleiras, ou lembrarte de felicitar ao teu irmán polos seus aniversarios.

Para iso, debe existir unha **coordinación sociosanitaria** que, coa activación dun código “Dano Cerebral”, non se deteña tras recibir a alta hospitalaria. Agora isto non é así: agora a metade das familias e persoas con Dano Cerebral saen do hospital sen información sobre onde continuar a rehabilitación a partir dese momento. Queda por diante un **labirinto de dúbidas e preocupacións** no que a recuperación corre o risco de estancarse ou mesmo de dar marcha atrás.

Por iso é necesario que haxa servizos de atención ao Dano Cerebral en todos os puntos do país: **unha rehabilitación que chegue a todas as cidades e a todas as vilas**. Actualmente, perante a escaseza e desigualdade territorial de recursos, boa parte das persoas con Dano Cerebral deben desprazarse fóra da súa localidade para ir ao centro de atención.

Por todo o exposto, desde a Federación Española de Dano Cerebral, que representa a 46 entidades e a máis de 11.000 persoas socias, **reclamamos**:

- Que se impulse unha **Estratexia Nacional de Atención ao Dano Cerebral** que garanta unha atención coordinada, integral e multidisciplinar a cada persoa con Dano Cerebral, independentemente da súa situación socioeconómica e do seu lugar de residencia.
- Que se elabore un **censo de persoas con Dano Cerebral** para así poder dimensionar os recursos necesarios para a adecuada atención deste colectivo.
- Que se cree a **categoría diagnóstica “Dano Cerebral”**, aplicable no momento da alta hospitalaria.
- Que se inclúa á **familia como parte beneficiaria** do proceso de atención, e non só como parte colaboradora; para que esta tamén reciba a información, formación e apoio psicolóxico que require durante todo o proceso.
- Que nos plans de atención sociosanitaria se teñan en conta as **necesidades específicas das persoas con Dano Cerebral con maior vulnerabilidade**, como son as persoas con dano cerebral severo, os menores con Dano Cerebral e as persoas con alteracións graves da conduta; así como das súas familias.

Este 26 de outubro, Día nacional do Dano Cerebral, **as persoas con Dano Cerebral queremos que se escoite a nosa voz e que se atendan as nosas peticións**. Necesitamos unha rehabilitación especializada que garanta a inclusión social e que axude a conseguir unha adecuada calidade de vida, xa que “unha vida salvada merece ser vivida con dignidade”.